



CONCELLO DE REDONDELA

Expediente núm.: 6165/2022.

Asunto: Selección persoal Plan concellos para a activación do emprego (Liña 3, Plan Concellos 2023).

ANUNCIO PUBLICACIÓN CRITERIOS XERAIS DE VALORACIÓN, DATA, HORA E LUGAR DE REALIZACIÓN DA PROBA PRÁCTICA PARA A SELECCIÓN E CONTRATACIÓN DE 1 TRABALLADOR/A SOCIAL DENTRO DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS 2023-LIÑA 3) DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

Sendo ás 13:00 horas do 13 de xullo de 2023 reúnense, no Multiusos da Xunqueira, catro das cinco persoas convocadas pola alcaldesa que compoñen o Tribunal cualificador do proceso selectivo para unha praza de traballador/a social dentro do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos 2023, liña 3) da Deputación de Pontevedra e acorda, en aplicación do establecido na Base Quinta das bases reguladoras da presente selección:

A. Segundo a Resolución de Alcaldía núm 2023-1686 de data 10 de xullo de 2023, convocar a todas as persoas aspirantes para a realización da proba práctica para o venres 14 de xullo ás 10:30 horas, no Multiusos da Xunqueira, sito no Paseo da Xunqueira s/n.

B. As persoas aspirantes terán unha hora para o desenvolvemento da proba práctica en relación cos temas establecidos na Base Séptima (Sistema de selección: A) Fase de oposición: Traballador/a social, e posteriormente realizarán a lectura da mesma diante do tribunal nesa mesma xornada.

C. Establecer como criterios xerais de valoración da proba:

1º. Claridade, calidade e concreción na exposición escrita e na posterior lectura (2,5 puntos).

2º. Aplicación da normativa na realización da proba práctica (2,5 puntos).

3º. Coñecemento dos recursos propios da área para a realización da proba práctica (2,5 puntos).

4º. Propostas de resolución da proba práctica (2,5 puntos)





CONCELLO DE REDONDELA

D. Non se poderá acudir á proba práctica con ningún tipo de material (folios, textos legais, apuntamentos, etc), nin dispositivos electrónicos (móviles, tablets ou similares,etc)

E. Deberase ir provista/o de DNI e bolígrafos.

E sen máis asuntos que tratar, a presidenta levanta a sesión, sendo ás 14:15 horas da data fixada no encabezamento, de todo o que, como Secretaria do Tribunal, dou fe.

Documento asinado e datado electronicamente á marxe

Cod. Validación: 6DEWKNQTC33WDRZ4WR6C1WJ4KN
Corrección: <https://redondela.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2 36.800 Redondela (Pontevedra) Tlf. 986 400 300 Fax: 986 403 894 CIF: P3604500C

